


## Por que innovar?


Innovar no modelo organizativo converténdonos nunha sociedade multicompartida para incrementar a calidade, a capilaridade no territorio, fortalecer a capacidade negociadora como grupo empresarial e facilitar a captación de clientes de distribución suprarregional ou nacional.

Innovar para cubrir novas necesidades dos clientes e novas solucións. Apoiados polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), desenvolvemos a nosa propia aplicación informática para automatización de procesos, logrando que as empresas instaladoras que conectan os seus clientes coa CRA ou CRE de GRUPO ON SEGURIDADE, obteñan unha xestión moito máis áxil con importantes aforros de tempo e achega de valor engadido para os seus clientes.

Nun mercado competitivo, a innovación é unha estratexia clave para a supervivencia das pemes, e pódese facer con boas alianzas, como é o caso de GRUPO ON SEGURIDADE .



*Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.*



*Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.*

**Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.**

**Programa de impulso á innovación nas pemes**

**Área de Servizos**

**Axencia Galega de Innovación**

981 957 300

gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>




PROGRAMA  
**IMPULSO  
A INNOVACIÓN**  
nas Pemes

## Grupo ON Seguridad

*“É necesario estar en permanente evolución, cando che vai mal sen dúbida, pero sobre todo cando vaiche ben,”*

En 2011, inmersos nunha das nosas maiores crises económicas, un grupo de PEMES do sector das instalacións de seguridade privada atentas aos cambios do mercado, estudaron e analizaron as oportunidades e as ameazas para a supervivencia dos seus negocios. Crearon un novo modelo de colaboración interempresarial: unha sociedade **multi-compartida** capaz de poñer en marcha iniciativas imposibles de abordar individualmente e mantendo a personalidade de cada peme. Unha solución innovadora.





GRUPO ON SEGURIDAD


## Colaboración interempresaria

NOME: GRUPO ON SEGURIDADE

LOCALIZACIÓN: VILALBA, LUGO

INICIO ACTIVIDADE: 2011

SECTOR: SEGURIDADE PRIVADA



Unha ameaza importante que influíu na creación de GRUPO ON SEGURIDADE, foi o incremento de empresas comercializando masivamente alarmas tipo kit, tamén chamadas "café para todos" ou "low cost", que estaban a acaparar gran parte do mercado, relegando a un segundo plano a que debe ser a esencia do labor de toda boa empresa de seguridade: brindar ao cliente unha protección eficaz mediante propostas personalizadas de calidade.

Para loitar contra esta dinámica, as pemes iniciais tiveron que **apalancar o seu valor na súa diferenciación**, no canto de deixarse arrastrar polas novas regras que tentaban establecer os novos

competidores. Ante un cambio de paradigma tan forte do mercado, buscaron a forma de crear **unha alianza interempresarial** para ser máis resilientes. O feito de que en moitas destas pemes a innovación estivese no seu ADN, fixo posible un proceso de innovación organizativa ata converterse nun grupo de pemes aliadas, coma se se tratara dunha cooperativa.

É o maior caso de éxito dentro do sector da seguridade privada española e agora celebran o seu 10º aniversario. Un exemplo inspirador para as pemes en Galicia, de calquera sector. Un caso de éxito de quen aprender os seus mellores prácticas.

As pemes que conforman GRUPO ON SEGURIDADE están a ser

## “Seis pemes galegas son socias de GRUPO ON SEGURIDADE e oito pemes galegas máis son colaboradores externos non asociados”

capaces de aproveitar as novas oportunidades que se lles presentan. O cómodo sería seguir facendo o que se sabe facer, non moverse e esperar a que o faga outro. Pero está claro que as empresas que non evolucionan e tentan facer cousas distintas perden oportunidades e un tempo precioso que máis adiante poden lamentar. Hoxe, GRUPO ON SEGURIDADE constitúe a maior rede nacional de empresas instaladoras de seguridade traballando agrupadamente.

de clientes e alianzas estratéxicas para a innovación en servizos.

As Pemes poden incorporarse ao grupo de dúas formas, como: asociados comprando participacións ou como colaboradores externos que non compran participacións.

Na actualidade hai 44 pemes asociadas das cales 6 son galegas. As pemes colaboradoras externas son unhas 50 das cales 8 tamén son galegas.

dentro dun mesmo sector. Engade valor aos seus participantes e axúdalles no seu desenvolvemento individual.

As pemes do GRUPO ON SEGURIDADE están comprometidas. Grazas á súa alta capacidade técnica e equipos profesionais, que poden ofrecer tecnoloxías e servizos de personalización dos sistemas de seguridade de maior valor engadido e multiservicio cunha ampla capilaridade en todo o territorio do Estado Español.

O servizo principal que prestan aos clientes dos asociados e colaboradores é a tramitación de sinais de alarmas e eventos de todo tipo desde unha central propia receptora de alarmas (CRA) e de eventos (CRE), fidelizando así as súas carteiraas de clientes.

**A clave é facelo coa máxima calidade**, estando moi por encima do nivel de grandes empresas e multinacionais máis recoñecidas polos seus enormes investimentos en publicidade e buscar os nichos de mercado que demandan este tipo de calidade e tecnoloxía, como son os clientes que valoran unha seguridade a medida, non paquetizada, baseada nunha boa análise previa dos seus riscos, un deseño coherente acorde aos mesmos e uns esmerados servizos de instalación, mantemento e resposta desde CRA ou CRE.

## “Pemes pioneiras buscaron a forma de crear unha alianza interempresarial para ser máis resilientes”

GRUPO ON SEGURIDADE innovou no modelo empresarial, de tipo cooperativo, sen ser unha cooperativa, aderezado cun chisco das funcións típicas dunha asociación sectorial. As Pemes que a compoñen comparten elementos de valor de interese común como: central receptora de alarmas da súa propiedade, poder de firma directa dos contratos, clientes protexidos (imposibilidade de venda), límite de socios por zona, equipo técnico de soporte, comité técnico para análise de produtos, grupo de compra, alianzas comerciais para a procura

Estas empresas, aínda sendo competidoras no mercado, colaboran entre si en condicións pre acordadas nun Pacto de Socios e a través de GRUPO ON SEGURIDADE poñendo en marcha todo tipo de iniciativas de interese común que lles achegan valor e que propoñen os propios asociados ou colaboradores.

O resultado é unha sociedade multicompartida en constante crecemento pola continua incorporación de Pemes. É un exemplo de colaboración interempresarial